



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Sr. Alcalde Presidente

D. Alberto Varela Paz

Visto o expediente incoado para a contratación mediante procedemento aberto simplificado, contemplado no art. 159.6 da Lei 9/2017, tramitación ordinaria e a través da plataforma de contratos do sector público (PLACSP), para adxudicar o contrato de obras denominado “OBRAS MENORES DE REPARACIÓN NO EDIFICIO DE SERVICIOS SOCIO-COMUNITARIOS DE O RAMAL”, cofinanciada pola Deputación de Pontevedra con cargo ás subvencións para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio histórico-cultural para 2018, e o Concello de Vilagarcía de Arousa.

O prego de cláusulas administrativas correspondente foi elaborado de conformidade co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sendo emitidos informes pola Secretaría e Interventora municipais, de datas 3 e 4 de decembro de 2018, respectivamente.

Tendo en conta, que o expediente de contratación foi completado e, de acordo cos artigos 117.1 e 122 do da Lei 9/2017 e o disposto polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

1. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado contemplado no art. 159.6 da Lei 9/2017, para adxudicar o contrato da obra denominada “OBRAS MENORES DE REPARACIÓN NO EDIFICIO DE SERVICIOS SOCIO-COMUNITARIOS DE O RAMAL”, cofinanciada pola Deputación de Pontevedra, con cargo ás subvencións para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio histórico-cultural para 2018, e o Concello de Vilagarcía de Arousa .
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus Anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.
3. Autorizar o gasto por un importe de 60.287,09€ (sesenta mil douscentos oitenta e sete mil euros con nove céntimos), con cargo ao orzamento de 2019, aplicación orzamentaria 336-63200 (PROXECTO DE GASTO con financiamento afectado OBRA (2) Nº 01/26/2018).
- 4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, previsto no art. 159.6 da Ley de Contratos do Sector Público, a través dos servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde á data da sinatura electrónica.

